

EU MANDABA  
TODO A TOMAR  
POLO...



# Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é o diñeiro?	Redacción.	4
Por que se seguen a ocupar os Territorios Palestinos?	Iria Cobaleda	6
Asociación Cultural Bou Eva: un espazo para a autoxestión	BouEva	7
Pasatempos	Bort	8
FIARE, unha realidade de banca ética participativa	Fiare	10
Os privilexios da banca que quizás non saibas.	Álvaro Rodriguez	11
Galicia e a banca do potosí	Begoña Outeiro	12
Porque é importante informarse sobre a economía	Miguel A. Quinteiro	13
Entrevista: Rafa Mayoral.	A Boia.	14

Tirada nº1: 232 exemplares

0.50€                    nº2                    Maio-2013

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Puntos de venta: Centro social Bou Eva (Vigo), Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Quiosco La Prensa (Vigo), Mercado da Tía Ni(Sabarís), Distrito 9 (Vigo), Café Uff (Vigo), Goya dos ratos (Vigo).

**Ilustrador da portada:** Antón Verissimo - @zirasart

**Ilustracións dos pasatempos:** Tayone-turbofolk.tumblr.com

**Diferencias e almanaque por** Bort



# Editorial

O goberno de Andalucía acaba de dar un paso adiante na loita contra o poder da banca no estado español: a expropiación das vivendas sobre as que pende un desafiuamento inminente. É un paso pequeno e temporal, que non atalla o endémico problema da vivenda, pero moi positivo porque, asemade de situar no debate público a expropiación coma arma posible contra a banca, o que non é nin moito menos un asunto banal, demostra que a presión dende a rúa da resultados. É moi importante entender isto: a resposta do goberno andaluz non ten a súa orixe na preocupación dunha administración que, non o esquezamos, aplica as mesmas políticas austericidas que o resto do estado, senón que se trata dunha reacción ante a mobilización dende abaixo. As mobilizacións da PAH ao longo dos últimos anos tiveron un punto de inflexión cando, dende a rúa, conseguiron a aprobación da ILP que promovían. A lei de expropiación temporal como salvagarda das familias acosadas pola banca e as sancións económicas para as persoas xurídicas (banca e inmobiliarias) que manteñan vivendas desocupadas en Andalucía é unha cesión máis dos poderes públicos a loita dos de abaixo; unha cesión sen dúbida dolorosa, pois, non o esquezamos, a prioridade dos partidos do réxime e os seus aliados no goberno

é o sostemento dos beneficios do capital financeiro, aínda que isto supoña pasar porriba dos salarios, a educación, a sanidade ou as pensións.

A dificultade do enfrentamento coa banca radica no poder que atesoura, un poder que faise moi evidente para un goberno a hora de levar a cabo a xestión: a través da compra de débeda pública, a banca cubre o 40% do presupuesto do estado español, é a propietaria de máis do 70% da débeda que nos afoga e, asemade, os nosos gobernantes representan, sociolóxicamente, á clase atesourada, unha clase directamente relacionada cos intereses dos banqueiros. ¿Podemos falar entón de democracia, cando a banca privada ten a capacidade para afogar estados se tentan opoñerse ao seu poder? Non, non podemos. O primeiro paso deberá ser a expropiación da banca nacionalizada para dar lugar a unha banca pública baixo control social.

# QUE É O DIÑEIRO?

Redacción

O diñeiro é un símbolo que un conxunto de persoas adoptan como elemento clave dun sistema de intercambio de bens e servizos. É dicir trátase dunha convención social, pola cal a un obxecto se lle asigna un valor determinado que sirve de referencia para todas aquelas cousas que esa sociedade considera intercambiables (unha barra de pan, un traballo, un portavíos, a vida dunha persoa, unha pena xudicial,...)

## Por que existe o diñeiro?

O diñeiro permitiu desenrolar o comercio máis aló das limitacións do troco (directo, instantáneo e presencial). Mediante o mercado en base ao diñeiro as comunidades puideron construir unha rede na que pór en circulación os seus excedentes e coñecementos.

## O diñeiro é bo ou malo?

Nin unha cousa nen outra. O diñeiro é un instrumento, unha ferramenta (moi poderosa), e como tal depende de que fins permita obter.

Nas sociedades monetarizadas cada unha participa na economía sen perseguir un obxectivo común senón o seu particular: conseguir diñeiro.

Nestas sociedades aparece fácilmente a especulación económica, cuxos efectos son moi nocivos para a sociedade: o traballo e os recursos son destinados a unha produción que nunca vai a ser consumida. Un exemplo de economía especulativa é a española: a produción de vivendas e infraestructuras nunca atopou quen as consuma.

## Como funciona o diñeiro? Que é o

## diñeiro fiduciario? Que é a reserva fraccionaria?

O diñeiro é un instrumento moi complexo cuxo funcionamento a maiora da xente descoñece ou apenas comprende.

Hoxe en día o diñeiro é manexado, creado e regulado, pola banca privada e as élites políticas, que non teñen interese algúen en facer entender ao pobo como funciona o diñeiro.

A forma de diñeiro actual é a fiduciaria: aquel que se basa exclusivamente na fe das persoas que o empregan, xa que non existe ningunha correspondencia directa entre este diñeiro e calquera cousa que teña valor de por si. A fe da xente nesta forma de diñeiro baséase no respaldo legal dos estados que soportan cada unha das moedas. Dende 1971, o goberno de Nixon rachou unilateralmente a convertibilidade do "Dollar US" en ouro, convertindo así a todas as moedas do mundo en diñeiro fiduciario.

Tan importante como a forma de diñeiro que temos é o volume de diñeiro que se pon en circulación. Da relación entre o diñeiro e mercancías en circulación depende o valor do diñeiro (o fenómeno da inflación/deflación).

Na actualidade o diñeiro é creado pola norma da reserva fraccionaria: a banca comercial pode prestar ata o 99% do diñeiro que nela é depositado. Así por exemplo, dunha nómina de 1000 euros, o banco pode crear outros 990 en forma de préstamo; e dese préstamo de 990 euros (incluso antes de recuperalo) outros 980,10, e así nunha progresión exponencial de

centos, miles, millóns,... de prestamos (dos cales o banco gaña intereses). Este é o poder real da banca: xera diñeiro a partir desta débeda.

## Que podes facer ti?

Na túa contorna ofrécese alternativas que podes realizar a título particular ou de xeito comunitario. Catro exemplo serían:


- Facer troco. O troco é o intercambio sen diñeiro, é o xeito máis directo e menos xerárquico de comercio. En Vigo leva anos funcionando o "Vigotroca" (<http://vigotroca.arkipelagos.net/>), un portal de internet onde podes atopar e ofrecer bens e servizos para trocar.

-Usar moeda social. Cando unha moeda é creada por unha comunidade pequena en vez dun estado ou banco e chamada moeda social. Estas moedas permite as comunidades emisoras crear un novo mercado, cunhas normas axeitadas aos seus obxetivos económicos: por exemplo fomentalos produtos locais, ecolóxicos, cooperativos,... Un exemplo de moeda social é a que empregan os socios da Algalab de Valadares.

-Formar parte dunha cooperativa de financiamento. As cooperativas de crédito

son sociedades cooperativas que suplen as necesidades de financiamento dos seus membros e máis de terceiros. Estas cooperativas van ligadas sempre a un determinado ámbito territorial definido nos seus estatutos.

- Apoiar a creación dunha banca pública. Unha banca que estea baixo control popular e que oriente á inversión ao tecido produtivo, á economía real, da que depende a creación e supervivencia dos postos de traballo, prohibíndose as prácticas da economía especulativa.



A combinación do diñeiro fiduciario (avalado polo estado) e a reserva fraccionaria (o diñeiro creado polo préstamo bancario) é a responsable da actual situación do Euro.

Fuente:Wikipedia.

# **POR QUE SE SEGUEN A OCUPAR OS TERRITORIOS PALESTINOS?**

\*Iria Cobaleda



Esta era a pregunta que se facía o economista israelí Shir Hever no seu libro A política económica da Ocupación Israelí.

A Ocupación foi rendible nos primeiros vinte anos da mesma dende o punto de vista da sociedade israelí, pero dende os anos 80, co comezo da 1ª Intifada, o custo que Israel ten que pagar para manter a ocupación supón un 9% do seu presuposto (construcción das colonias, financiamento dos colonos, accesibilidade), sendo o custo principal a seguridade: tanto militar coma privada, facéndo a pouco rendible para a sociedade israelí.

**"Centrándonos no sistema bancario israelí, este atópase directamente relacionado co financiamento das colonias e ademais é quen controla o mercado financeiro palestino."**

Entón, cales son os beneficiarios a día de hoxe? Pódese dicir que os grandes beneficiarios son sobre todo as empresas israelís, a industria armamentística e os bancos israelís.

Centrándonos no sistema bancario israelí, este atópase directamente relacionado co financiamento das colonias e ademais é quen controla o mercado financeiro

palestino.

Trala firma dos Acordos de Oslo, negouse o dereito dos palestinos a ter a súa propia moeda, dándose un gran paradoxo: os traballadores do West Bank cobran en dólares e dinares xordanos, principalmente, pero nunca en shekels, cando é esta a moeda de uso cotiá. Este feito obriga aos bancos palestinos a firmar acordos coa banca israelí para poder facer fronte ás demandas da sociedade, sendo soamente uns poucos bancos palestinos aos que se lles permite facer este tipo de acordos coa banca israelí. Estes acordos levan a un aumento no custo do shekel, debido a que os bancos israelís limitan a cantidade de transferencia de shekels pero non o número destas, aplicándolle unhas elevadas comisións que poñen en risco o sistema bancario palestina; e que encarecen o custo para o usuario, esmorecendo así a xa de por si esmorecida economía palestina

\*BDS Galiza

# ASOCIACIÓN CULTURAL BOU EVA: UN ESPAZO PARA A AUTOXESTIÓN.

\*BouEva

Poucas son as persoas de Vigo que coñecen a existencia dos Centros Sociais desta cidade, os motivos polos que foron creados e as actividades que neles se desenvolven.

Lamentablemente, son menos áinda as que saben do tráxico suceso acontecido o 24 de abril do 37 no Berbés. Nun barco de pesca, un bou chamado Eva, embarcaron 10 persoas para tentar risparse da brutal represión fascista. Eran anarquistas, comunistas, socialistas e galeguistas. Apreixados antes de poderen partir, os falanxistas comezaron a anegar os camarotes do barco. Sen escapatoria, non se entregaron: un dos tripulantes matou os outros todos cunha pistola e despois pegouse un tiro.

Este acontecemento, ocultado polo franquismo, quedou incomprensiblemente esquecido polo pobo. A nós chegounos por Anxo Angueira, no seu poema "Fóra do Sagrado", a voz dunha nena, contounos a morte dos seus pais. Aquela nena chámase Conchiña, filla de Ángel Nogueira, o tripulante que tivo o sangue frío de matar os seus compañeiros e a súa muller, nai da Conchiña.

A Asociación Cultural Bou Eva naceu no verán de 2011 honrando, canda á Concha Nogueira, a memoria dos seus mortos, que son nosos tamén. Negámonos a esquecer porque nos negamos a deixar de construír.



Velaí a vocación do noso proxecto e, en xeral, dos cada vez máis numerosos Centros Sociais de Vigo e contorna. A nosa é unha resposta á falta de vontade das institucións políticas por dotar a cidade de espazos públicos ao servizo do pobo, espazos para a autoxestión, libres do seu control partidario. Fóra do rego da cultura do

**"A nosa é unha resposta á falta de vontade das institucións políticas por dotar a cidade de espazos públicos ao servizo do pobo, espazos para a autoxestión, libres do seu**


espectáculo, cada socia que participa no Bou Eva abre un novo suco da cultura libre, feita desde e para o pobo galego, desde e para os pobos do mundo.

Nos centros sociais e rúas repenican as iniciativas de autodeterminación popular, estralece o traballo diario de derrubar o Imperio. A tripulación do novo Bou Eva saúdamos a luz da Boia e as outras ferramentas de ECOAR))). As do Bou rematamos nacionalizando un dito da conciencia dos escravos para subvertérmolo e pórmolo ao servizo da sociedade organizada: "Cada un ao seu e todos ao de todos". Ou mellor áinda: "Cada un ao seu e Ecoar ao de todos".

# ESPAÑOL ANÓNIMO VIVIENDO POR ENCIMA DE SUS POSIBILIDADES



Euro  
EEDON



Encontra as 7 diferencias.



6	Zola Ferreiro "Repubicanas de corazón, de cabeza e de corpo entei- ro" 20.00 Galeria Sargadelos	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19	
20	21	22	23	24	25	26	
27	28	29	30	31			

maio

# FIARE, UNHA REALIDADE DE BANCA ÉTICA PARTICIPATIVA

\*Fiare

Queremos saber que se fai cos nosos cartos e construír alternativas para a transformación da realidade. Por iso precisamos ferramentas de finanzas éticas coma Fiare, rede conformada por 4000 persoas físicas e xurídicas que a nivel estatal estamos a constituir unha cooperativa de crédito sen ánimo de lucro. Na Galiza, xa somos socias 26 colectivos, 1 concello e 246 persoas a título particular.

**"É esencial neste camiño ilusionante manternos como ferramenta participativa, democrática e transparente para seguir construíndo unha economía ao servizo da xustiza."**

Banca ética, si. Cada euro depositado en Fiare pode redirixirse a proxectos que, necesitando financiamento, cumpren uns criterios esenciais: compromiso co territorio, equidade de xénero, respecto aos valores ambientais, obxectivos de rexeneración social... Estes requisitos son delimitados polas comisións ético-sociais de Fiare (no noso caso, a galega). Será a rendibilidade social dun proxecto a que xustifique un posterior estudio de viabilidade económica que concrete as posibilidades de obtención de crédito.



En Fiare estamos concluíndo unha etapa de fonda transformación da nosa estrutura e base social: a integración coa Banca Popolare Etica, iniciativa coa que viñemos traballando

desde 2005 para poder ofertar produtos de intermediación financeira (libretas de aforro e préstamos a proxectos, principalmente). Neste camiño conxunto, a capacidade colectiva de Fiare foi evolucionando e en 2013 convertiémonos en cooperativa de crédito. Na práctica dunha cidadanía usuaria de banca, isto significa poder elixir a banca ética como primeira opción nas nosas operacións cotiás (por exemplo, ter unha conta corrente).

Mais queda moito traballo por facer en colectivo, xunto coas entidades de economía solidaria en cuxa rede crecemos, como alternativas ao sistema capitalista. É esencial neste camiño ilusionante manternos como ferramenta participativa, democrática e transparente para seguir construíndo unha economía ao servizo da xustiza.

Para máis información, escribe a galizasur@proyectoifiare.com. En Vigo temos un dos grupos locais más activos da Galiza, agardámose para construír contigo finanzas éticas!

\*Fiare

# OS PRIVILEXIOS DA BANCA QUE QUIZÁS NON SAIBAS.

Álvaro Rodriguez.

Hoxe en día estamos a vivir unha crise tremenda, orixinada nas prácticas da banca de inversión e comercial a nivel internacional. Aínda que hoxe a sabedoría "popular" creada polos mass media quere facernos ver que a crise depende na súa solución do déficit público, o certo é que este non ten nada que ver coa orixe da crise, nin ten nada que ver coa súa solución real. A orixe da crise está nun sector financeiro sobredimensionado, e que conta cuns privilexios desmesurados, que dan a este sector, formado e dirixido por unha pequena elite, un poder enorme sobre as nosas vidas. E que non empregan no noso ben, senón para o seu beneficio.

**"Os bancos en cada crédito están a crear cartos [...] (o diñeiro non é mais ca débeda). Cando no sistema financeiro a débeda deixou de pagarse, e os bancos quebraron. E tivemos que rescatalos."**

O primeiro destes privilexios é o de crear cartos. Grazas á reserva fraccionaria e ao multiplicador bancario, dous aspectos ben coñecidos polos economistas, os bancos en cada crédito están a crear cartos. Pero non crean os cartos fisicamente, senón un simple apunte contable no que figura que alguén lles debe cartos, sen necesidade de ter realmente o diñeiro que prestan. Os bancos o que fixeron nas dúas últimas décadas foi presionar para reducir



as restricións a este mecanismo, e dar cada vez máis créditos e xerar máis débeda, que ao fin e o cabo é o seu negocio. Isto o que fixo foi inundar de cartos, en forma de débeda (o diñeiro non é mais ca débeda), o sistema financeiro. E cando este colapsou, a débeda deixou de pagarse, e os bancos quebraron. E tivemos que rescatalos, claro. Rescatalos

do mal uso que lle deron ao seu privilexio de crear diñeiro da nada.

O segundo privilexio que teñen nos países do euro é o de chantaxear ós estados e a súa fiscalidade. Os gobernos non poden emitir moeda, nin os bancos centrais. O que pode facelo é o Banco Central Europeo, que presta directamente aos bancos, e estes danlle os cartos ós gobernos mercando débeda pública, e forzando recortes para asegurarse o seu pago. Así que os bancos, amparados no privilexio de ser os únicos capaces de prestar cartos, están a crear un gran sufrimento en forma de recortes para asegurar o seu negocio da débeda.

Por iso, quizais cómpre sacar das mans de xente absolutamente irresponsable o privilexio de ordenar o noso sistema monetario, poñendo este ó servizo da cidadanía, cunha emisión de moeda e uns bancos democraticamente controlados. Vai sendo tempo.

# GALICIA E A BANCA DO POTOSÍ

\* Begoña Outeiro

Xa non abonda con cantar aquilo de Galicia, gran carallo de sal. En realidade Galicia vai camiño de se converter nun siniestro total por esfarelamento en fundido do queixo furado. A este paso conseguiremos

comunicar subterraneamente con Yanacocha en Perú (ouro) ou coas antípodas neocelandesas en Waihi (ouro) amigándonos co pobo mongol de Baotou en China (terrás raras) e mandándolle un hei carballeira! pola festa do patrón á parroquia de Barberton en Sudáfrica (ouro).

**"Resulta (...) imprescindíbel unha presenza cidadá crítica que se articule activamente contra estas transnacionais (da minería)."**

Sacha que sacha, fura que fura, a vosa Consellaría de Industria opina que Galicia é unha mina. Un neo-Potosí galaico onde conflúen múltiples intereses bancarios, financeiros, especulativos e xeopolíticos de primeira orde. Ameazados como estamos dende a publicación da orde do 7 de febreiro (DOG 15/02/2013), non hai recuncho que non se commensure en cuadrícula mineira. Dende Corcoesto - Cabana de Bergantiños (ouro), pasando pola Limia (feldespato), a Terra Chá (seixo) a Serra da Groba (ouro) ou até a propia Serra do Galiñeiro (terrás raras) os



nomes oficiais dos protagonistas varían segundo a ocasión: Edgewater Corporation (Canadá), Minicer S.L., Erimsa (Noruega), Medgold (consorcio anglo-canadiano) ou

Umbono (Sudáfrica). Capaces de mutar e transformarse en filiais más manexábeis segundo as necesidades de cada zona, estas empresas son a expresión mineira de conglomerados bancarios capaces de dictar a folla de ruta a gobernos enterios ou dominar os medios de comunicación habituais.

Existe ampla documentación de como a actividade mineira estraga todos os recursos acuíferos nas zonas afectadas, orixina danos irreparables no subsolo que invalidan os modelos produtivos tradicionais xerando enfermidades, conflictividade social e viciando ainda máis o mercado laboral con prácticas próximas á escravitude.

Resulta xa que logo imprescindíbel unha presenza cidadá crítica que se articule activamente contra estas transnacionais esixindo un posicionamento científico de rigor á hora de avaliar os prexuízos que dela se derivan e demandando un comportamento político á altura das circunstancias. Hai demasiado en xogo.

<http://serragalinheiro.wordpress.com/>

\*Membro da Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro

# PORQUE É IMPORTANTE INFORMARSE SOBRE A ECONOMÍA

\*Miguel A. Quinteiro.

As persoas que estamos preocupadas por mellorar a sociedade precisamos abrir un debate.

Denunciamos as barbaridades do sistema pero non profundizamos sobre o uso que fai a oligarquía sobre certos termos. Termos como "paro", "débeda", "diñeiro", "inflación", "mercados", "capital", "produtividade", ... sobre os que moitos receptores teñen limitado o seu concepto. Palabras repetidas constantemente nos medios como dogmas inalterables.

Non é esta unha situación inocente. A impresión xeral é que estes termos se refiren aos condicionantes dunha situación inevitable que a poboación debe asumir con resignación. A situación agrávase cando as veces, técnicos de "boa vontade" tentan explicar os termos á poboación dun xeito simple, pero esta simpleza nunca se dirixe á analise da natureza do sistema. Así preséntasenos dúas esferas de actividade económica, a "legal e ilegal", "o sistema e a corrupción do mesmo", cando na práctica hai unha continuidade, tanto nos axentes como nas ferramentas empregadas. Tampouco fan o exercio de buscar solucións concretas a problemas concretos, pensando en mellorar unha situación inmediata que propicie o inicio de cambios realmente transcendentais.


Entre todos esos termos suliñaría dous: "inflación" e "diñeiro".



A inflación é presentada como algo univocamente malo, cando é un efecto natural e corrector dos desmáns dos financeiros. Actualmente, defender o nivel dos prezos é defender o poder dos que fixeron o "pelotazo", amasaron unha cantidade de diñeiro e queren sostener o seu nivel adquisitivo. Un proceso inflaccionario pode favorecer ao conxunto da sociedade, xa que significa a revalorización dos bens e servizos reais, os que o pobo produce.

**"Actualmente, defender o nivel dos prezos é defender o poder dos que fixeron o "pelotazo". amasaron unha cantidade de diñeiro e queren sostener o seu nivel adquisitivo."**

O diñeiro, supuestamente accesible a todos, actualmente é unha ficción, sen valor económico positivo xa que a súa emisión está sometido á manipulación duns poucos que así controlan a economía no seu interese. Como recuperar o diñeiro para a economía do interese xeral? Eu propón a recuperación dos Bancos Centrais, para que os gobernos asuman o control sobre o diñeiro, chegando a nacionalizar ou cando menos, a controlar eficazmente a banca.



## PLATAFORMA DE AFECTADOS POR LA HIPOTECA

**- Cómo está a afrontando a PAH a campaña de desinformación e manipulación á que se está vendo sometida polos poderes favorables á banca?**

Pois continuando co que vimos facendo. Favorecendo a mobilización social, a loita colectiva, a solidaridade e o apoio mútuo entre zas personas afectadas e o conxunto da sociedade civil, que están loitando por reconstruir o dereito á vivenda, frente os intereses dos especuladores.

**- Que consecuencias terá a sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza sobre os contratos hipotecarios españois?**

O que se puxo en entredito é o procedemento de execución hipotecaria (PEH). Dícese: o PEH en España é ilegal; e iso significa que, todo o actuado no marco deste PEH é nulo de pleno dereito. Co cal teñen un enorme problema, e máis lles vale aprovar canto antes a dación en pago retroactiva, porque senón, vamonos ver nos tribunais.

**- Hai riesgo de que o Goberno español manobre para baleirar de contido dita sentenza?**

Non. O problema é que o goberno non está entendendo ou acatando a sentencia. (A normativa que están sacando non soluciona nen os PEH en curso, nem aqueles

que xa foron executados. Seguimos tendo ahí unha "bola", que non sabemos como se vai a tragar o sistema xudicial.

**"Hai que abrir un debate profundo acerca de como asegurar o dereito á vivenda, nun país donde se calcula que pode haber ata 6 millóns de vivendas vacías"**

**- O artigo 47 da Constitución española estipula o dereito á vivienda de todas. Na súa opinión, existe algunha disposición legal que nos alonxe deste dereito universal? Que lei habería que cambiar?**

O máis importante é que é un dereito recoñecido na Declaración Universal de Dereitos Humanos e no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais asinados por España: formas superiores á Constitución Española, que nos permiten reclamalo. Poderíamos decir moitas normas e prácticas que limitan o dereito á vivenda, as que crean a situación de absoluta impunidade, das entidades financieras. Eu creo que é o principal problema, hai que acabar coa impunidade das entidades financieras.

**O escrache é un xeito de protesta que está "vendéndose" como un tipo de protesta ilegal e ilexítima? Poderíásnos definir por que entendedes que este é un xeito de lexítima protesta?**

Pois porque o único que se está a reclamar é o cese inmediato da violación sistemática de dereitos humáns: acabar cos desaloxos forzosos sen alternativa habitacional, e acabar coas débedas perpetuas. Cousa en concordancia co disposto na resolución da Asamblea Xeral de Naciones Unidas 53/144, que dí que todas as personas teñen dereito a participar de actividades en defensa dos Derechos Humanos.

**"Máis lles vale (os gobernates) aprovar canto antes a dación en pago retroactiva, porque senón, vamonos ver nos tribunais."**

**-Que supón o Código de Buenas Prácticas aprobado por el Gobierno o pasado 10 de marzo de 2012 realmente? Como debería ser para vós ese documento exactamente?**

Ise documento es una auténtica chapuza. O coñecido como "código guindos" é unha tomadura de pelo, de feito non vai funcionar.

Para nós é a ILP, está claro, parar de inmediato os desafiuazamentos, acabar cas débedas perpétuas e facilitar o aluguer social, un aluguer que nos supere o 30 % da renda familiar; ahí é onde teñen a resposta. Unha resposta de mínimos, porque despois, aparte, hai que abrir un debate profundo acerca de como asegurar o dereito á vivenda, nun país donde se calcula que pode haber ata 6 millóns de vivendas vacías. Esas vivendas teñense que por en mans da poboación e quitárlas

ós especuladores.

**-Como se posiciona a PAH respecto da okupación? E respecto da vivenda pública?**

A tipicación do delito de ocupación é do ano 95, nin tan sequera fora considerada delito durante o franquismo. Esta non ten nengún sentido, e o único que ten feito esa tipificación é sobreprotexer a especulación. Para nós non ten nengún sentido, se alguén quere recuperar un inmoble xa ten o procedemento civil para facelo. Hai que abolir o delito de ocupación, dificultando así a especulación.

Nos apostamos por un parque público de vivenda en alugueiro con dereito á tenencia. Non hai que esquecer que neste momento o gobierno, de tapadillo, está preparando unha nova lei de arrendamentos urbáns, na que se vai limitar a tres años o dereito al alquiler, así como toda unha serie de dereitos dos inquilinos. Cun gran parque publico de viviendas avanzariamos cara a creación do dereito á vivenda.

